



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 20 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 3a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 15 de febreiro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 15 de febreiro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15342-333)

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento prazo garantía
1	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. e CONSTRUCCIONES GLESA, S.A.	579,699.99 €	48 meses



	Licitador	Prezo	Incremento prazo garantía
2	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	563,516.00 €	48 meses
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	534,344.00 €	48 meses
4	ORECO, S.A	533,799.99 €	48 meses
5	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.	570,243.05 €	48 meses
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	549,780.00 €	48 meses
7	ALVAC, S.A.	542,572.00 €	48 meses
8	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	620,488.00 €	48 meses
9	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. e CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	542,027.97 €	48 meses
10	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	623,424.00 €	60 meses
11	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.	524,960.00 €	60 meses
12	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. e SANSIGA, S.L.	586,567.99 €	48 meses
13	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	537,000.00 €	48 meses
14	UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	550,800.00 €	48 meses

Asisten á sesión D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de C. Fечи, S.L.U e D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

3.- Propostas de adxudicación

A secretaria lembra aos membros da Mesa de Contratación que, por acordo do 8 de febreiro de 2017, se concedeu a CLECE, S.A. un prazo de tres días hábiles para emendar a documentación presentada o 23 de xaneiro, concretamente, a documentación relativa á solvencia técnica.

Con data do 15 de febreiro de 2017, dentro do prazo concedido, CLECE, S.A. presentou nova documentación. A Mesa acorda, por unanimidade, deixar este asunto pendente de estudo.

4.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:33	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A947-C3354D-5D3A2D-AHP594-EPCEAQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 13 de febreiro de 2017 no que se fai constar "*Tras a aplicación do procedemento previsto no PCAP, determínase que o valor medio das baixas ofertadas é do 5,56%, resultando como posibles valores anormais ou desproporcionados os superiores á suma de dez puntos porcentuais a ese valor, é dicir, os que realicen unha oferta superior ao 15,56% na redución dos prezos. Neste caso estarían as ofertas económicas presentadas polas seguintes empresas:*

Aurora, Pilar y Ana SL: 17,85%"

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público coa empresa Aurora, Pilar y Ana, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar a súa oferta.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:33	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A947-C3354D-5D3A2D-AHP594-EPCEAQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		